

A LEI DO MÁIS FORTE

Rainer Werner Fassbinder, 1975

1763

ESTREA EN NUMAX: 09.06.2026 | V.O.S.E. | 123 min

Franz Biberkopf é un mozo homosexual, vulgar e inxenuo que, despois de traballar como "Fox, a cabeza parlante" nunha feira, gaña medio millón de marcos na lotaría, o que lle permite frecuentar círculos gais máis selectos. Neste ambiente namora de Eugen, fillo dun empresario que posúe unha imprenta ao borde da quebra.



A vida e o cinema como exceso coherente

Por Koldo Landaluze

Fassbinder filmou como viviu, moi rápido. En opinión de Jean-Luc Godard, un dos cineastas que máis admiraba o director d'*A lei do máis forte*, Fassbinder fixo el só o esencial do chamado Novo Cinema Alemán. Quizais sexa esaxerado, porque Wim Wenders ou Werner Herzog tamén contribuíron de forma importante á creación dunha anovadora cinematografía alemá nos anos setenta. Pero a rabia e a contundencia coa que Fassbinder construíu a súa filmografía non ten símil algún co resto dos seus compañeiros europeos.

Asociado á polémica, famoso e inxuriado, traballou como un obseso ata completar unha obra que se compuxo de 42 longametraxes, varias series de televisión e 26 obras de teatro, ata a súa repentina morte con só 37 anos. A súa célebre frase «xa durmirei cando estea morto» describe á perfección a súa paixón enfermiza polo traballo. Tivo unha complexa vida sentimental salpimentada con alcol, drogas, tranquilizantes e somníferos que resumiu cando dixo «cada cal debe decidir se é mellor levar unha vida breve pero intensa ou longa e aburrida».

Elixiu vivir intensamente e morreu novo, o 10 de xuño de 1982, mentres traballaba nun novo guión. Posuía un talento infalible para captar o espírito da Alemaña de posguerra co seu atrevido tratamento de temas como a emancipación, a sexualidade e a xenofobia, rañando coma ninguén o fixera ata entón na trastenda da 'milagre económica alemá' e nos seus demos, legados polo fascismo. Exemplo diso foron propostas como *Chamámonos todos Alí*, na que arremete contra os corsés sociais a través da relación que comparten un marroquí trintañeiro e unha muller de máis de sesenta anos, que gaña a vida limpando casas. En obras como *A lei do máis forte* tamén achegou as súas experiencias privadas sobre o amor, a homosexualidade e o consumo de drogas.

Desde a súa ópera prima, *O amor é máis frío que a morte* (1969), até a súa obra póstuma, *Querelle* (1982), Fassbinder enriqueceu un discurso mediante sentimentos e emocións que estoupan como consecuencia da tensión e a violencia que rexen as relacións entre quen non son máis que un reflexo da súa sociedade. As clases altas, medias e baixas; as faccións políticas de todo signo; o pasado e o presente do pobo alemán foron obxecto dunha mirada crítica, profunda e insubornable que escandalizou a conservadora nación alemá dos anos setenta.

A reputación de Fassbinder consolidárona películas como *O matrimonio de María Braun* (1979) ou *Effi Briest* (1974), entre outras, e radiografiou as diferentes secuencias da historia moderna do seu país. Abordou o caos do nacionalsocialismo en *Desesperación* (1978), a catarse da guerra en *Lili Marleen* (1981), a chamada milagre alemá en *Lola* (1981), o epílogo dos anos 50 n'*A ansiedade de Verónica Voss* (1982) e o prólogo dos 60 n'*O mercador das catro estacións* (1971), a hipocrisía daquela época dos chamado 'traballadores convidados' dos países europeos pobres en *Chamámonos todos Alí* ou o outono quente do 77 en *Alemaña no outono* (1978) e o final da organización armada RAF n'*A terceira xeración* (1979). En certa ocasión dixo sobre si mesmo: «Gustaríame ser para o cinema o que Shakespeare foi para o teatro, Marx para a política e Freud para a psicoloxía: alguén de quen nada é o que adoitaba ser».